

Adaptación da programación para o terceiro trimestre e avaliación final

Módulo: “Operaciones de acondicionamiento de materias primas”

Profesor/a: Lucía Moreno Fernández

Curso: 2019/2020

1.- IDENTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

CENTRO EDUCATIVO

Ano académico 2019-2020

Código: 15014556

Centro CIFP Coroso Ribeira - Coruña (A)

Concello Ribeira

CICLO FORMATIVO

Código de familia profesional INA

Familia profesional Industrias alimentarias

Código do ciclo formativo CMINA03

Ciclo formativo Elaboración de produtos alimentarios

Grao Ciclo formativo de grado medio

Réxime Adultos

2.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES

Os mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva son os seguintes:

Son os mesmos que aparecen na programación.

Cráterios de cualificación:

Ó longo do curso, haberá tres avaliacións de carácter continuo, que segundo a Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial e na Orde do 6 xuño de 2016 pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades estarán divididas do seguinte xeito:

PRIMEIRA E SEGUNDA AVALIACIÓN: desenroladas no centro educativo. Os criterios de cualificación son os especificados na programación de inicio de curso.

TERCERA AVALIACIÓN: sería desenvolvida na empresa. Iniciada a mesma, e como consecuencia do estado de alarma, os alumnos voltaron ao centro educativo para continuar coa formación a distancia mediante medios telemáticos. O curso rematará en Xuño e non en Setembro como estaba previsto.

De acordo ás Instrucións do 27 de abril de 2020, “durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado.

A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente.

Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.”

AVALIACIÓN FINAL:

Segundo as Instrucións citadas, a avaliación e cualificación adaptarase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre ás actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.

A nota final virá dada pola nota media da primeira e da segunda avaliación, a cal verase incrementada ata con un punto máis en función das actividades de reforzo planeadas e entregadas durante este terceiro trimestre, sempre que ambas avaliacións estean superadas. As actividades poderán consistir en supostos prácticos sinxelos, resumos, diagramas de fluxo ou pequenos traballos de investigación sobre cuestións relacionadas co módulo.

A cualificación final coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial.

Este apartado non é de aplicación para a proba de avaliación extraordinaria e alumnos con avaliacións pendentes.

3. PROCEDIMIENTO PARA RECUPERACIÓN DAS PARTES NON SUPERADAS

- Actividades de recuperación

As recuperacións durante a 3ª avaliación consistirá na realización de resumos das unidades didácticas que corresponden a parte suspensa e unha proba oral ou escrita atendendo os requerimentos específicos do alumnado tendo que acadar unha calificación mínima de 5 para aprobar dita parte.

Se o alumno non supera dita proba ou non entrega os resumos terá que facer un exame final que consistirá nos mínimos exixibles expresados na programación didáctica inicial do módulo.

-Proba de avaliación extraordinaria para alumnado con perda do dereito á avaliación continua (PD)

O alumnado que se atope nesta situación terá dereito a unha proba final extraordinaria, onde a cualificación se consignará na avaliación final dos módulos do curso. O sistema de puntuación será do cero ao dez, como resultado do cálculo da media aritmética das distintas partes de dita proba (primeira e/ou segunda avaliación), establecéndose o aprobado en cinco ou máis.

As probas finais realizaranse prioritariamente de xeito presencial, sempre que a situación e as autoridades sanitarias o permitan, ou no seu caso de xeito telemático.

4. Medidas de reforzo, repaso e ampliación de contidos e aprendizaxes anteriores ó estado de alarma para todo ou parte do alumnado

O plan de actividades a realizar céntrase en tarefas de repaso e consolidación traballados na 1ª e 2ª avaliación, centrándose principalmente nas unidades relacionadas coa actividade profesionalizadora e de formación en empresa e que consisten en supostos prácticos sinxelos, resumos, diagramas de fluxo ou pequenos traballos de investigación sobre cuestións relacionadas co módulo.

Materiais e recursos:

- Correo electrónico coma canle de comunicación co alumnado.
- Emprego da plataforma Drive para distribución da documentación.
- Equipos informáticos, conexión internet, e outros.
- Apuntes do docente. - Páxinas web.